

## BASES DO I CERTAME DE RELATOS CURTOS EN GALEGO

A Federación de Asociacións de Mulleres Anaral convoca a primeira edición do I Certame de Relatos Curtos en Galego.

### BASES

1. Poderán concorrer a este certame todos aqueles relatos curtos escritos en galego que se reciban dentro do prazo indicado e se axusten ás presentes bases. Poderán participar neste certame todas as persoas que o desexen sempre que os seus traballos sexan inéditos, escritos en lingua galega e non fosen presentados co mesmo ou outro título a ningún outro certame.

2. O relato presentado deberá estar escrito en narrativa, tipo relato curto en galego e cunha extensión mínima dunha páxina tamaño folio A4 e máxima de cinco, podendo estar escrito a man ou a ordenador corpo de letra 12 e encabezados polo título. Terase en conta a caligrafía e a lexibilidade daqueles escritos a man. A temática será libre, pero valoraranse aqueles relatos que mencionen a Carlos Casares ou á súa obra.

3. Establécense tres categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/a por categoría.

- Primeira categoría ata 12 anos; premio dun bono de 50 €.
- Segunda categoría de 13 a 17 anos; premio dun bono de 70 €.
- Terceira categoría a partir de 18 anos; premio dun bono de 100 €.

O premio de cada unha das categorías consistirá nun bono para mercar libros.

4. As/os participantes poderán presentar un relato por persoa. Achegarse unha copia sen asinar dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o título, a categoría á que se presenta e o nome do certame. Dentro deste sobre incluírase outro sobre pechado, co título no exterior, que deberá conter no seu interior os datos persoais do/a autor/a: nome, apelidos, enderezo e teléfono de contacto.

5. O prazo de presentación de relatos ábrese coa publicación das presentes bases e finalizará ás 14:30 horas do día 28 de abril de 2016.

Os traballos presentados poderán ser entregados nas oficinas da Federación, nas Asociacións de Mulleres ou nos centros educativos que se detallan a continuación:

A POBRA DE TRIVES:

- Local da Federación de Asociacións de Mulleres Anaral (Centro Cívico de Santa Leonor)
- Ceip Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso da Pobra de Trives
- IES Xermán Ancochea Quevedo da Pobra de Trives

MANZANEDA:

- Local da Asociación de Mulleres Algueirada (Espazo de Lecer)
- Ceip Manzaneda

SAN XOÁN DE RÍO:

- Local da Asociación de Mulleres Anel (Centro Social)

CASTRO CALDELAS:

- Cpi Virxe dos Remedios de Castro Caldelas

VIANA DO BOLO:

- IES Carlos Casares de Viana do Bolo

6. O xurado, designado pola Federación de Asociacións de Mulleres Anaral, emitirá o seu ditame a semana anterior ao 17 de maio, Día das Letras Galegas. O acto de entrega de premios comunicarse no momento oportuno. Os premios poderán ser declarados desertos. O fallo do xurado será inapelable.

7. A Federación de Asociacións de Mulleres Anaral resérvase a propiedade dos relatos premiados, así como os dereitos de publicación das obras premiadas nos medios que considere oportunos. Neste sentido o/a autor/a renuncia a favor da Federación a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor, podendo cederlle ao premiado/a o uso e reprodución. Os relatos orixinais non serán devoltos ás persoas autoras.

8. Os traballos que non cumpran algún dos requisitos especificados nas presentes bases non participarán no concurso.

9. Será potestade da organización resolver calquera punto non previsto nestas bases.

10. A presentación de obras a este certame supón por parte das persoas autoras a plena e íntegra aceptación das presentes bases.

11. PARA MÁIS INFORMACIÓN DIRIXIRSE Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES ANARAL (988 33 20 24)

A Pobra de Trives, marzo de 2017

Colaboran:

- CEIP Manzaneda
- CPI Virxe dos Remedios de Castro Caldelas



CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso



a galíña azul  
rede de escolas infantís de Galicia  
A Pobra de Trives  
Castro Caldelas

